

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN PARA A POSTA EN MARCHA E COFINANCIAMENTO DUNHA ESCOLA PROVINCIAL DE BASE NESTA MODALIDADE DEPORTIVA-**

No Pazo provincial da Excma. Deputación Provincial de Ourense, na data 7 de Xuño de 2016

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Don José Manuel Baltar Blanco, con DNI núm 34.962.672-G, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense, actuando en nome e representación desta entidade local e en uso das atribucións que lleveñen conferidas polo acordo plenario de data 14.07.2015, de elección do seu Presidente, *artigo 34.1.b da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local* e actuando en uso das competencias atribuídas polos *artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia*; e con domicilio aos efectos deste convenio no Pazo Provincial, emprazadona Rúa Progreso 32, 32003, Ourense.

Doutra parte D. JOSÉ MANUEL PEREZ OTERO, VICEPRESIDENTE E DELEGADO EN OURENSE da Federación Galega de Balonmán segundo nomeamento efectuado na Xunta Directiva celebrada na sede da Federación Galega de Balonmán en Vigo a **17 de Xaneiro de 2015**, actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polos Estatutos da Federación Galega de Balonmán, con CIF G-36690832 e sede social Rúa Fotografo Luis Kasado 17 – 36209 – Vigo (Pontevedra)

Recoñecéndose ambas dúas partes capacidade xurídica suficiente para formalizar e asinar o presente **CONVENIO**,

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** Que de conformidade co disposto na *Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia*, son competencias propias das Deputacións Provinciais o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos.

Asimismo a referida lei, no seu artigo 118, apartado d), atribúelle á Deputación Provincial, como competencia propia, a realización de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

En todo caso a citada lexislación e a Lei 5/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, tamén atribúen ás Deputacións como competencia propia a de cooperación e asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos, especialmente aos de menores recursos.

**SEGUNDO.-** A Federación galega de balonmán ten entre as súas competencias as de Fomento e a promoción do Balonmán dentro de territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como funcións propias, asemade das funcións delegadas actuando como axentes colaboradores das administracións baixo a súa tutela e coordinación según a Lei 3/2012, 2 de Abril de 2012 (DOGA do 13 de Abril de 2012), Lei Xeral do Deporte de Galicia.

**TERCEIRO.-** A Deputación Provincial de Ourense e consciente de que achegar o deporte aos nenos e nenas da provincia esixe un esforzo económico e de implicación de tódolos sectores implicados, co obxectivo principal de promover a actividade deportiva entre a mocidade da provincia, especialmente nos concellos do rural, como complemento á súa formación integral.

Preténdese, con esta liña de colaboración, ofrecer un servizo de iniciación deportiva, na que os nenos e nenas teñan unha primeira etapa de contacto con varios deportes (neste caso o balonmán) para a súa iniciación mediante o adestramento con técnicos debidamente titulados.

Conforme ó anterior, a Deputación Provincial de Ourense e a Federación galega de balonmán **ACORDAN a sinatura do presente Convenio**, que ten por obxecto establecer a colaboración entre ambas entidades para a posta en marcha dunha escola provincial de base nesta modalidade deportiva.

O desenvolvemento deste Convenio rexeráse polas seguintes **CLÁUSULAS**:

**PRIMEIRA:** A Deputación provincial de Ourense comprométese a incluír no seu Orzamento Xeral para o exercicio 2016, unha subvención nominativa por importe de catro mil euros (4.000,00 €), destinada a cofinanciar a posta en marcha dunha escola provincial de base na disciplina do balonmán, sendo beneficiaria da citada achega económica a Federación Galega de Balonmán.

**SEGUNDA:** A Federación Galega de Balonmán comprométese a crear a referida escola de acordo coas seguintes características:

ESOLA PROVINCIAL DE BALONMAN				
CONCELLOS	IDADES	DÍAS/SEMAN	PREZO MÁXIMO*	GRUPO MÍN
Cortegada	6-13	2	9 €	10
Maceda	6-13	2	9 €	10
Maside	6-13	2	9 €	10
X.de Ambia	6-13	2	9 €	10

\* Prezo máximo mensual por usuario a cobrar pola Federación

**TERCEIRA:** Aos efectos do sinalado na cláusula anterior, a entidade beneficiaria da subvención, previo requirimento da Deputación, deberá presentar a documentación precisa que lle sexa solicitada pola Sección de subvencións da administración provincial aos efectos de elevar ao órgano competente proposta de acordo de concesión da citada achega.

No referente á xustificación da subvención estarase ao sinalado na normativa aplicable en materia de subvencións públicas, e particularmente ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Ourense (*Bop núm. 285 de data 13.12.2013*).

**CUARTA:** O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e finalizará na data 30.06.2015.

Calquera das partes poderá denunciar o convenio cunha antelación mínima de tres meses á data en vaia darse por finalizado.

O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

**QUINTA:** Se alguna das entidades que subscriben o presente convenio así o solicita, para o seguimento e control do cumprimentado mesmo, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes. Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

**SEXTA:** O presente Convenio ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Tramítase en cumprimento do disposto no *artigo 4.1 c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público*. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente convenio serán de aplicación supletoria os principios inspiradores do citado *Real Decreto Lexislativo 3/2011*, sendo competente a xurisdicción contencioso-administrativa para coñecer de todas aquelas cuestións litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

Asdo.: José M. Baltar Blanco.

O VICEPRESIDENTE DA F.G. BALONMANO

Asdo.: José Manuel Pérez Otero

O VICESECRETARIO,

Asdo.: Juan Marquina Fuentes.

